

A Voz de Galicia

Domingo - 1 - febreiro - 1981
En maio, «I Congreso de
Escritores en Lingua Galega»

SANTIAGO.—(Da nosa Delegación).

Nos tres primeiros días do mes de maio próximo, celebrase no Mosteiro de Poio (Pontevedra) un congreso de escritores en lingua galega, no que tomarán parte cantos literatos e ensaiistas hai no país galego e desexen contribuir ao estudo de temas relacionados co escritor e o seu mundo cultural e social en Galicia.

A directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega está remesando actualmente cartas a todos seus asociados,

para que elaboren as ponencias que crean oportunas nos diferentes temas de discusión e debate, ponencias que elaborarán ben individualmente ou ben en grupo.

Todos los aspectos relativos a organización e desenvolvo do congreso, no que tamén tomarán parte destacados escritores de outros países concretaranse no decorrer dunha asamblea xeral da Asociación de Escritores que terá lugar o vindeiro día 14 de febreiro no Museo do Pobo Galego en Santiago.